




CES
GALICIA
Consejo Económico e Social de Galicia

Dictame

1/00

D I C T A M E

**SOBRE O ANTEPROXECTO DE
LEI DE VOLUNTARIADO
DE GALICIA**



Edita: Consello Económico e Social de Galicia

Imprime:

Infografía:

Dep. legal:

1.- ANTECEDENTES

1.- En data 10 de marzo de 2000 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia, sometendo a consideración deste organismo o borrador do anteproxecto de lei de voluntariado de Galicia, para que polo Consello se emita Dictame de natureza facultativa que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello no intento de enriquece-lo texto normativo.

2.- O texto do borrador foi remitido, en data 13 de marzo de 2000, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 2, competente por razón da materia, para a elaboración da proposta de Dictame correspondente, sinalando o prazo dun mes para a conclusión dos seus traballos, e establecendo como data da sesión de inicio do traballo o día 20 de marzo de 2000. Asimesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude do dictame.

3.- En data 13 de marzo de 2000, o presidente do CES deu conta ó conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais do traslado da documentación ó presidente en funcións da Comisión Sectorial nº 2, para a elaboración da proposta de Dictame correspondente.

4.- En data 15 de marzo de 2000 o presidente do CES, a solicitude do Presidente da antedita Comisión, invita ó director xeral de Xustiza e Administración Local a comparecer na sesión da Comisión Sectorial para expoñe-lo contido do citado anteproxecto de Lei. A comparecencia tivo lugar o día 20 de marzo, na sesión 1/00 da Comisión.

5.- Despois de varias sesións de traballo, a Comisión Sectorial acorda aproba-la proposta de Dictame, con data 28 de marzo, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

6.- En data 29 de marzo, o presidente do CES convoca á Comisión Permanente do organismo, que, reunida en sesión nº 2/00, de 5 de abril, e tras coñece-lo texto remitido pola Comisión Sectorial, acorda convoca-lo Pleno do Consello para a aprobación do Dictame.

7.- O Pleno do CES, na súa sesión 1/00, celebrada en data 11 de abril, acorda aprobar por unanimidade o seguinte:

DICTAME

Sobre o anteproxecto de Lei de Voluntariado de Galicia

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O contido da lei estrutúrase en oito capítulos, con 28 artigos, tres disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e tres finais.

O capítulo I establece disposicións xerais sobre o obxecto da lei, delimitando o ámbito de aplicación a toda actividade de voluntariado organizada e que se desenvolva no ámbito territorial da Comunidade autónoma galega ou no ámbito de competencias da Xunta de Galicia. Define o voluntariado e regula as áreas de interese xeral, así como os fins e os principios básicos polos que deben rexerse as actuacións das persoas voluntarias.

O capítulo II contempla a existencia dunha organización pública ou privada, constituída legalmente e con personalidade xurídica, que, sen ánimo de lucro realice programas no marco de actividades de interese xeral, configúrase así como o requisito básico do que se vai derivar a posibilidade, no seu caso, de poder contar coa colaboración de voluntariado. Estrúctúrase en seis artigos: 1) Organizacións de acción voluntaria. 2) Obrigas das organización coas persoas voluntarias 3) Incumprimento de obrigas. 4) Responsabilidade extracontractual fronte a terceiros. 5) O acordo ou compromiso de incorporación e 6) Arbitraje do voluntariado.

O capítulo III regula o estatuto do voluntariado, establecendo un concepto amplo, que permite a participación de tódolos cidadáns cando de xeito libre e responsable adiquen o seu tempo libre a realizar actividades de interese xeral para a comunidade, no seo de organizacións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, excluindo as situacións nas que medie relación laboral, funcional, administrativa ou mercantil, así como a familiar ou de boa vecindade. Tamén se detallan neste capítulo os dereitos e deberes das persoas voluntarias.

O capítulo IV regula a promoción e fomento do voluntariado.

Establece as competencias da Xunta de Galicia e das Corporacións Locais na aplicación da presente Lei, para facer efectiva unha política de fomento da actividade voluntaria e de participación dos cidadáns e cidadás.

Regúlanse medidas de promoción mediante a acción concertada, sinalando os requisitos que terán que reuni-los programas e proxectos, e establecendo un Plano galego para a promoción e fomento da acción voluntaria. A elaboración e seguemento do mesmo levarase a cabo a través do organismo previsto no artigo 24, e someterase ó informe do Consello Galego do Voluntariado.

Faise un recoñecemento explícito dos concellos no campo do voluntariado, nun marco xurídico no que poderán exercer libremente a súa iniciativa en materia de voluntariado social no seu ámbito local. Respóndese así ó principio da autonomía local para a xestión dos seus respectivos intereses e no ámbito das súa competencias, que lle permite promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer necesidades e aspiracións da súa comunidade veciñal.

A actuación do concello no campo do voluntariado ten na lei unha dobre vertente, en canto se lle recoñece a súa capacidade para dispor de agrupacións propias de voluntarios e se determina o amparo que debe prestar á iniciativa privada sen ánimo de lucro, colaborando con ela mediante o asesoramento técnico, a coordinación, a planificación no seu ámbito municipal e o apoio económico.

Finalmente, preténdese buscar unha coordinación de actuacións a nivel público, tanto dentro da Xunta de Galicia, como coa administración local.

O capítulo V crea o Servicio Galego de Voluntariado como organismo especializado en materia de voluntariado ó que se adscribe a comisión de arbitraje. Encoméndaselle a elaboración e seguimento do Plano galego de fomento e promoción da acción voluntaria, a xestión do sistema de rexistro autonómico de organizacións, así como desenvolve-las actuacións técnicas de promoción, investigación, asistencia e formación.

O capítulo VI regula o Consello Galego do Voluntariado, en canto órgano consultivo e asesor, adscrito á consellería con competencias en materia de administración local, onde estará representada a Xunta de Galicia, as entidades locais e as organizacións de acción voluntaria.

O capítulo VII regula a comisión de arbitraje, como instrumento de protección e defensa das partes que levan actuacións de voluntariado.

O capítulo VIII regula o rexistro de organizacións de voluntariado, a inscrición no mesmo será requisito para que as organizacións de voluntariado podan acollerse ás axudas que na lei se contemplan. A non inclusión no rexistro de organizacións de voluntariado non exime das obrigas que se contemplan na relación das mesmas cos voluntarios adscritos ós seus programas.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- A Lei semella partir da existencia de dous tipos de organizacións a través das que pode producirse a actuación dos voluntarios: as privadas (as entidades legalmente constituídas e dotadas de personalidade xurídica, art. 7) e as públicas (as agrupacións de voluntariado integradas no seo das Administracións públicas, art. 7)

2.- En relación coas primeiras, a Lei debería limitarse a promover, estimular, incentivar, apoiar (subvencións) as actividades desas organizacións de voluntarios de orixe “privada” que teñen por obxecto a prestación de servizos á comunidade de xeito altruista. Non a regular este tipo de organizacións, pois xa teñen unha cobertura legal na lexislación sobre asociacións (de interese público e, máis concretamente, de utilidade pública); todo o máis, debería limitarse a sinala-los requisitos que deben cumprir para seren merecedoras da asistencia pública e a regula-los mecanismos inspectores oportunos para asegura-lo cumprimento dos seus fins.

3.- En relacións coas segundas, a Lei debería clarexar, ante todo, de qué xeito estas organizacións de voluntarios poden ter unha orixe pública, é dicir, qué tipo de fórmulas xurídico-públicas poden permitir unha adscrición voluntaria dos particulares para participar (cooperar) en labores de prestación de servizos á comunidade. De xeito especial, debería sinala-los límites desta posibilidade en relación coa prestación dos servizos públicos encomendados á propia Administración, para que non se produza, a través destas “novas” fórmulas, unha deixación do exercicio daquelas funcións. De admitirse esta posibilidade, que sería “de cooperación na

prestación de determinado tipo de servicios públicos”, a Lei tería que regularlas polo miúdo en tódolos seus aspectos.

4.- Nun plano máis concreto, a Lei debería depurar con coidado os conceptos que manexa, en especial os de “voluntariado”, “áreas de interese xeral”, “fins e medios” das organizacións e “principios básicos das súas actuacións”. En ocasións, as expresións son de tal amplitude que calquer clube deportivo ou mesmo calquer ateneo cultural ou casino recreativo poderían, sen máis, encadrarse dentro das organizacións de voluntarios ás que a Lei pretende prestar atención.

4.1.- O concepto primordial a delimitar é o de fins da acción voluntaria. O Anteproxecto, ó describir con fórmula aberta ás áreas de interese xeral nas que poden enmarcarse as accións voluntarias, menciona as de “*servicios sociais, saúde, protección civil, medio ambiente, educación, cultura, ocio e tempo libre, defensa dos dereitos humanos, xuventude, cooperación internacional e calquera outra que responda á natureza e fins de actuación do voluntariado*” (art. 4). Determinar, xa que logo, cal é a natureza e os fins destas actuacións constitúe un presuposto inexcusable non só para amplia-la enumeración recollida no texto, senon tamén para matiza- las descritas.

4.2.- O Anteproxecto debería poñer máis o acento na idea do interese xeral e no carácter altruísta e solidario da participación dos voluntarios nas accións emprendidas; é dicir, na idea de que o cumprimento (o resultado, a finalidade, en suma) da actividade emprendida (nunha calquera das áreas sinaladas) debe redundar en beneficio exclusivo da comunidade circundante (no ben común da sociedade) e de que a participación dos voluntarios na dita actividade ten lugar de xeito altruísta (non egoísta) porque en ningún caso van ser eles os beneficiarios das actuacións realizadas nen van percibir pola súa participación contraprestación de ningún tipo (nin económica, por suposto, nin de ningunha outra índole: vg. artística, literaria).

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

O Consello Económico e Social de Galicia considera que debería substituírse en toda a lei o termo “*organizacións*” polo de “*entidades*”, que fai referencia a un concepto xurídico máis amplo.

En relación o texto do anteproxecto de Lei de Voluntariado de Galicia, remitido ó CES polo presidente da Xunta de Galicia, o Consello Económico e Social entende que deberían contemplarse as seguintes modificacións na exposición de motivos e no articulado do mesmo:

Exposición de Motivos, I, parágrafo 2º: Debería aclararse a redacción deste parágrafo, en relación á esixencia dunha mellor calidade de vida, para dar cabida á posibilidade de complementariedade da iniciativa privada coa necesaria participación pública. O texto proposto é o seguinte:

*“Iste é máis determinante coa aparición de novas necesidades dos cidadáns, sexan as manifestadas ou aquelas sentidas pero non expresadas pola poboación, ante as limitacións do esforzo público e conscientes de que a atención e melloría da calidade de vida esixe **unha crecente participación pública, que debe complementarse coa participación privada**. Non se trata de deixar actuacións públicas, que van seguir sendo necesarias, senon atopar **un espacio de colaboración** coa actuación privada **que participe**, nunha manifestación de solidariedade, na **atención** de necesidades que afectan a sociedade.”*

Exposición de Motivos, III, letra c: O CES considera que cómpre delimita-las características das entidades de voluntariado social. Proponse a seguinte redacción:

*“c) (...) para reconducilo cara ás **entidades estables e democráticas** (...)”*

Exposición de Motivos, III, letra d: O CES considera tamén preciso concretar, entre os límites de actuación do voluntariado, que esta figura non pode encubrir fraude de dereitos laborais nin debe suplir ou destruír postos de traballo. A redacción do apartado podería se-la seguinte:

*“d) (...) pero que en ningún caso **poida utilizarse para encubrilo fraude de dereitos laborais ou suplir ou destruír postos de traballo**.”*

Exposición de Motivos, III: Para concreta-los puntos básicos nos que debe

basearse e que sirvan de límite á regulación do voluntariado en Galicia, o CES considera que é necesario engadir varios parágrafos neste apartado:

“f) Deslinda-lo traballo voluntario do traballo asalariado, partindo do principio de complementariedade na actuación do voluntariado respecto das tarefas desenvolvidas polos profesionais do traballo social.”

g) Garantir que o voluntariado non pode nin debe suplir, substituír ou cubri-las deficiencias dos servizos públicos, no que respecta á garantía do efectivo disfrute de dereitos básicos para a dignidade humana, a igualdade de oportunidades e a remoción dos obstáculos que impiden a igualdade social.

h) Contribuír ó deseño, desenvolvemento e execución de políticas públicas, en colaboración con outros axentes sociais, que garantan o cambio social, tendo como eixes prioritarios a loita contra a pobreza e a desigualdade e a construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

i) Impedir que se entenda ou utilice a acción social voluntaria como substitutiva da actividade profesional, de xeito que o traballo voluntario non sirva como pretexto para unha posible deixación de responsabilidades á hora de crear servizos públicos que respondan a demandas sociais.”

Exposición de Motivos, IV, parágrafo 8º: O CES considera que debe concretarse a facultade de exercer libremente a súa iniciativa no campo de voluntariado por parte dos concellos nun marco xurídico. A redacción proposta sería:

“Faise un recoñecemento explícito dos concellos no campo do voluntariado nun marco xurídico no que poderán exercer libremente a súa iniciativa en materia de voluntariado no seu ámbito local. Respóndese así o principio de autonomía local para a xestión dos seus respectivos intereses e no ámbito das súas competencias, que lle permite promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer necesidades e aspiracións da súa comunidade veciñal.”

Artigo 1: O Consello entende que neste artigo deben establecerse as características das entidades de voluntariado e tamén introducir no articulado o principio básico, xa recollido na Exposición de Motivos, de non deixación de responsa-

bilidades das Administracións públicas. A nova redacción proposta é a seguinte:

“Artigo 1. Obxecto.

*A presente lei ten por obxecto regular, promover e fomenta-la participación solidaria dos cidadáns en actuacións **organizadas** de voluntariado **por medio de entidades estables, democráticas e sen ánimo de lucro**, así como ordena-las relacións entre as Administracións públicas e as ditas entidades, **sen que se faga deixación de responsabilidade desas Administracións no relativo á prestación de servizos públicos.**”*

Artigo 3. 1., apartados 1 e 4: Trátase de concreta-la maneira de realización das actividades desenvolvidas polo voluntariado en áreas de interese xeral. O CES propón a redacción seguinte:

- *de maneira altruísta, desinteresada e solidaria.*
- **sen encubrir fraude de dereitos laborais nin suplir ou destruír postos de traballo.**
- (...)
- **por medio de entidades estables, democráticas e sen ánimo de lucro.**
- **de acordo a** concretos programas ou proxectos de interese xeral.

Artigo 3. 2.: O CES considera preciso engadir outra actividade entre as excluídas do concepto de voluntariado. Sería a seguinte:

- prestadas polos obxectores de conciencia no cumprimento da prestación social substitutoria.

Artigo 4: Considérase que **a defensa e o fomento da economía** debe incluírse nas áreas de interese xeral do artigo 4. Existen exemplos de organizacións de voluntarios das que a súa misión é o apoio á xestión e administración de empresas mercantís e de economía social a través de organizacións estables e democráticas e cunha natureza solidaria e altruísta, que deben ter refrendo no contido concreto das áreas de actuación do voluntariado reguladas no anteproxecto.

Artigo 6: Considérase preciso engadir tres principios básicos nos que se fun-

damente a acción do voluntariado, con obxecto de que ésta quede delimitada con precisión no texto articulado.

g) gratuidade e descentralización, procurando que as actividades do voluntariado se realicen o máis preto posible dos cidadáns e do seu entorno.

h) complementariedade respecto ó traballo realizado polos profesionais de acción social.

i) os programas ou proxectos promovidos por entidades de acción voluntaria non poderán ser realizados nin considerados como práctica, aprendizaxe nin experiencia profesional.

Artigo 7: En concordancia coa redacción proposta neste dictame para o artigo 1 do anteproxecto de lei, e considerando que debe ademais suprimirse o termo “*fundamentalmente*” na referencia a actividade dos voluntarios, a redacción do presente artigo debería quedar como segue,

“*Son **entidades** de acción voluntaria as legalmente constituídas e dotadas de personalidade xurídica que, sen ánimo de lucro, **procuren a integración social dos seus asociados** e desenvolvan programas ou proxectos de voluntariado no marco das áreas de interese xeral do artigo 4, a través de persoas voluntarias.*”

A condición de entidade colaboradora en voluntariado social manterase mentres se promovan e executen os ditos programas e proxectos, sen prexuízo do disposto no artigo 9 da presente lei.”

Artigo 8: O CES considera que deben engadirse catro obrigas máis das organizacións respecto ás persoas voluntarias na relación recollida neste artigo. A primeira delas, que fai referencia á composición dos órganos de goberno e ó seu funcionamento democrático, debería encabeza-la lista. Proponse a seguinte redacción:

(a) responder a principios democráticos e participativos na composición dos seus órganos e do seu funcionamento.

(...)

k) elaborar un estatuto que precise claramente os fins das mesmas e regule o desenvolvemento da actividade á que se adiquen, así como a relación entre a entidade e as persoas voluntarias que se integran nela. Este estatuto conterá, en todo caso, os dereitos e deberes de voluntarios e entidades de voluntariado

recollidos na presente lei.

l) informar ós voluntarios sobre os fins e réxime de funcionamento da entidade.

m) facilita-la participación do voluntario na elaboración, deseño, execución e avaliación dos programas nos que interveña.

n) as demais que se deriven da presente lei (...)

Artigo 9: Ademais do incumprimento de obrigas, cómpre que o artigo recolla e contemple o posible incumprimento, polas entidades de acción voluntaria, dos fins, principios e programas das mesmas, o que afectaría tamén o mesmo título do artigo. O CES considera que se deben engadir dúas accións que poden dar lugar á revogación da condición de entidade colaboradora. A redacción proposta é a seguinte:

“Artigo 9. Incumprimento de fins, principios, obrigas e programas.

*O incumprimento reiterado polas entidades de accións voluntarias dos **fins, principios, obrigas e programas** establecidos no artigo anterior; **así como o incumprimento sustancial do deber de notificación dos proxectos de voluntariado social ou a falsedade ou inexactitude dos datos que se aporten e a existencia de remuneracións encubertas ós voluntarios**, verificados calquera deles polo órgano competente da Xunta de Galicia mediante expediente contradictorio, poderán determinar:*

(...)

Artigo 11: O CES considera que no acordo ou compromiso de incorporación das persoas voluntarias ás entidades deben engadirse os seguintes apartados:

(...)

e) o responsable do proxecto no que colabora o voluntario.

f) os fins e obxectivos da entidade na que se integra.

Artigo 13, parágrafo 1: En concordancia co proposto para os artigos 1 e 7, o CES propón unha nova redacción para o parágrafo 1 deste artigo. Así mesmo, considera preciso engadir un novo parágrafo:

“Ós efectos desta lei, enténdese por persoa voluntaria toda persoa física

que, de modo libre, altruísta e responsable, realiza actividades en favor dos demais ou de intereses colectivos, no seo de entidades de acción voluntaria e sen recibir ningún tipo de contraprestación económica.

A condición de voluntario será compatible coa de socio na mesma organización. As persoas que desenvolvan funcións como profesionais nunha organización ou teñan coa mesma relacións laborais, mercantís ou calquera outras suxeitas a retribución non poderán desenvolver-las mesmas funcións, en ningún caso, como voluntarios.”

Artigo 14: O Consello considera que, na relación deste artigo, deben engadirse tres dereitos máis das persoas voluntarias. Ademais, cómpre concreta-lo disposto na letra f) do artigo. Proponse a seguinte redacción:

“(…)

f) ser reembolsados dos gastos que lles poida ocasiona-la actividade de voluntariado se o desexan.

(…)

k) ser tratados sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.

l) non ser asignados á execución de tarefas alleas ós fins e natureza da entidade.

m) obte-lo cambio do programa asignado cando existan causas que o xustificuen, dentro das posibilidades da entidade.”

Artigo 15: É necesario concreta-lo contido do apartado b) deste artigo no que fai referencia á confidencialidade. A redacción proposta é a seguinte:

“(…)

b) garda-la confidencialidade respecto da información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade, mantendo segredo análogo ó profesional.”

Artigo 16: A letra i) deste artigo debe adapta-la súa redacción ó proposto por este organismo para o artigo 9. En concordancia co mesmo, o CES propón a redacción seguinte:

“i) establece-los criterios para o seguimento e inspección das entidades de acción voluntaria no relativo ó cumprimento dos **fins, principios, obrigas** e programas que se leven a cabo ó abeiro deste lei financiados con cargo ós fondos públicos.”

Artigo 18: O CES considera que é necesario concreta-los aspectos que, como mínimo, deben conte-los programas e proxectos de voluntariado, engadindo estes aspecto no parágrafo 1 deste artigo. Á vez, o Consello considera que, no parágrafo 4 deste mesmo artigo –que pasaría a se-lo 5–, debe establecerse regulamentariamente a porcentaxe da actividade das persoas voluntarias que poderá ser computado polas entidades de acción voluntaria como parte da súa contribución á financiación dos programas.

“1.- *Son programas ou proxectos de voluntariado os especificamente elaboradas nas áreas de interese xeral do artigo 4 da presente lei e xestionados polas entidades de acción voluntaria. **Nos programas de voluntariado social deben describirse os seguintes aspectos:***

a) os fins e obxectivos que se propón a entidade ó integrar nas súas accións a voluntarios sociais.

b) os cauces xerais de formación e participación dos voluntarios, así como os mecanismos que se articulen para a súa captación e para a realización das súas actividades.

c) os establecementos, servicios ou proxectos concretos nos que se contará coa presenza de voluntarios sociais.

d) a avaliación dos recursos humanos que se estimen idóneos para o desenvolvemento axeitado do programa.

e) os mecanismos de control, seguimento e avaliación, tanto do programa como da actuación dos voluntarios que interveñan.

2.- *No marco do programa xeral de voluntariado establecido, as entidades deberán deseñar proxectos de voluntariado para cada unha das áreas de actuación. Estes proxectos haberán de conter, como mínimo, os seguintes aspectos:*

a) a formación que sexa esixible en función das tarefas encomendadas.

b) o responsable do proxecto e o equipo de profesionais de traballo social que participan nel.

c) a descrición das tarefas encomendadas ó voluntario.

(...)

5.- *As organizacións de acción voluntaria poderán computar **unha porcen-***

taxe da actividade das persoas voluntarias como parte da súa contribución á financiación dos programas. A dita porcentaxe determinarase regulamentariamente e a actividade valorarase en función da natureza das súas tarefas e da súa dedicación.

6.- (...)”

Artigo 19: Cómpre facer referencia neste artigo ós requisitos que deben cumprir as entidades para acceder ás axudas e subvencións previstas. No mesmo senso, é necesario especificar que ditas axudas e subvencións se regulan na actual normativa xeral en vigor sobre as mesmas. O CES propón, a seguinte redacción:

“As Administracións públicas concederán axudas e subvencións para o fomento dos programas e proxectos de voluntariado de conformidade cos criterios e directrices do plan galego ó que se refire o artigo 23 da presente lei. Ditas axudas e subvencións deberán regularse polo disposto no decreto legislativo 1/99, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Presupostario de Galicia.”

Artigo 21: O Consello propón a supresión deste artigo, en concordancia coa proposta da observación xeral e da redacción dos artigos 1 e 7.

Artigo 23: Neste artigo, cómpre engadir un apartado 3 co obxecto de que a aprobación do plan galego para a promoción e o fomento da acción voluntaria sexa coñecida, con carácter informativo, polo Comité autonómico de emprego e seguimento da contratación laboral antes da súa aprobación polo Consello da Xunta. A redacción que propón o CES é a seguinte:

“O Plan galego para a promoción e o fomento da acción voluntaria deberá ser remitido, con carácter informativo, antes da súa elevación ó Consello da Xunta, ó Comité autonómico de emprego e seguimento da contratación laboral.”

Artigo 24: Considérase que debería desenvolverse e aclararse a natureza do Servicio Galego de Voluntariado, organismo que se crea neste artigo.

Artigo 25.2.: O CES considera que neste marco legal debería determinarse

un mínimo de funcións a desenvolver polo Consello Galego de Voluntariado, sen prexuízo de que todas aquelas que non se inclúan sexan determinadas no seu momento en virtude de desenvolvemento regulamentario. Polo tanto, o parágrafo 2 deste artigo debería quedar redactado do xeito seguinte:

“2.- Exercerá as funcións seguintes:

a) informe e análise das actividades de voluntariado.

b) informar preceptivamente os anteprojectos e proxectos de disposicións normativas de carácter xeral que afecten directamente ó voluntariado. O seu informe emitirase no prazo de quince días desde que sexa requerido.

c) detectar e analiza-las necesidades básicas do voluntariado.

d) asesorar e elevar á Administración pública galega propostas e iniciativas en relación ós distintos campos nos que se desenvolva a acción voluntaria, así como propoñe-los criterios que puideran considerarse preferentes da actividade subvencionadora dos programas de voluntariado.

e) analizar e dirixir propostas á Administración pública galega sobre medidas de fomento do voluntariado.

f) ser informado do seguimento e avaliación que realice a Administración pública galega sobre os programas de voluntariado, así como das subvencións que se outorguen.

g) emitir un informe anual sobre o estado do voluntariado na comunidade autónoma galega.

h) promove-la presenza dos axentes sociais nos órganos de participación existentes relacionados coa solidariedade.

i) propoñer á Xunta de Galicia o regulamento de funcionamento do Consello.

k) aproba-la memoria anual das súas actividades.

l) todas aquelas que determine a súa normativa de desenvolvemento.”

Artigo 26: Debería modificarse a composición prevista para o Consello Galego de Voluntariado, co obxecto de reducila e simplificala e dar entrada no mesmo a representantes dos axentes sociais. O CES propón que os representantes das consellerías queden reducidos a seis, que as entidades locais teñan un só representante e que sindicatos e organizacións empresariais estean representados. O Consello considera que cómpre cambia-la forma en que son propostos os representantes das entidades de acción voluntaria. En consecuencia, a redacción proposta para este artigo é a que segue:

“1.- O Consello Galego de Voluntariado estará integrado por:

(...)

* *un representante, con rango de director xeral, das seguintes consellerías:*

- Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude

- Sanidade e Servicios Sociais

- Xustiza, Interior e Relacións Laborais

- Educación e Ordenación Universitaria

- Cultura, Comunicación Social e Turismo

- Medio ambiente

* **un** representante das entidades locais, designado pola Federación Galega de Municipios e Provincias.

* **seis** representantes das entidades de acción voluntaria inscritas no correspondente rexistro xeral, designados polas mesmas e nomeados polo presidente do Consello Galego do Voluntariado, a través dun sistema participativo que permita a presenza das entidades máis pequenas. En caso de non existir designación de todos ou parte dos ditos representantes, os mesmos serán designados pola presidencia deste consello.

* **tres** representantes das organizacións sindicais.

* **tres** representantes da Confederación de Empresarios de Galicia.

2.- A Secretaría estará ocupada polo responsable do Servicio Galego de Voluntariado, **con voz pero sen voto.**”

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2000

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

ANEXO: ANTEPROXECTO DE LEI /2000, DE VOLUNTARIADO DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.

A participación da sociedade civil nos asuntos de interese xeral e máxime en aquelas situacións que redunden na erradicación de situacións de discriminación é un feito que ten cada vez maior incidencia na comunidade, debendo contemplarse esta participación como o recoñecemento dun dereito que efectivamente lle asiste, e como unha necesidade que ten o Estado e, neste caso, a Comunidade Autónoma de Galicia, para dar resposta a necesidades da poboación.

Isto é máis determinante coa aparición de novas necesidades dos cidadáns, sexan as manifestadas ou aquelas sentidas pero non expresadas pola poboación, ante as limitacións do esforzo público e conscientes de que a atención e melloría de calidade de vida esixe non só unha participación pública senón tamén a privada. Non se trata de deixar actuacións públicas que van seguir sendo necesarias, senón atopar un equilibrio coa actuación privada que colabore, nunha manifestación de solidariedade, na solución de necesidades que afectan á sociedade.

O voluntariado é unha forma de participación da sociedade na atención de necesidades na que conflúen a liberdade de actuación, a solidariedade e o altruísmo. Na presente lei se contempla dende unha organización, superando o puro voluntarismo de carácter informal, que non entra dentro do seu obxecto de atención, e sempre dentro dun proxecto dirixido á atención concreta de necesidades de interese xeral.

Como forma de participación social preténdese o seu recoñecemento, promovendo e impulsando este voluntariado formal, cun respecto escrupuloso cara á liberdade dos cidadáns para constituír organizacións que teñan unha finalidade de atención voluntaria de necesidades da sociedade, desligando estas situacións de calquera forma de servizos retribuída, así como regulando a relación entre as persoas voluntarias e a organización a través dun cadro de dereitos e deberes que comporta esta relación.

II.

A Constitución Española no seu artigo 9.2 establece a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a liberdade e igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, remove-las dificultades que impidan ou dificulten a súa plenitude, facilita-la participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social, como manifestación da solidariedade cidadá en beneficio da comunidade.

A nivel do estado español promúlgase, consecuente con este mandato, a Lei 6/1996, de 15 de xaneiro, do Voluntariado, que regula as actuacións dos cidadáns dirixidas á satisfacción de necesidades de interese xeral e especialmente a erradicación de situacións de discriminación. O seu ámbito límitase a organizacións, tanto públicas como privadas, de ámbito estatal ou internacional.

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 recolle en termos semellantes ó precepto constitucional do artigo 9.2 da Constitución española, así como en disposicións sectoriais normativa referida ó voluntariado, dirixida preferentemente a regula-las relacións entre as persoas voluntarias e as organizacións do voluntariado. Así, tanto a Lei 3/1987, de 27 de maio de servizos sociais, como a máis recente Lei 4/1993, de 14 de abril, de servizos sociais, reflicte disposicións que afectan ó voluntariado.

Faltaba non obstante, unha regulación máis ampla do voluntariado, na que se recollan tódolos posibles campos de actuación do voluntariado, máis alá do eido social, dictando unhas normas comúns de aplicación a tódalas organizacións de voluntariado, que permitan unha coordinación e planificación que afecte, dentro da Xunta de Galicia ás distintas consellerías que teñen intereses neste ámbito, así como da Administración autonómica coas Administracións Locais e as propias organizacións de acción voluntaria.

A regulación que se pretende a través da presente Lei do voluntariado proporciona unha resposta concreta ás peculiaridades desta actividade desenvolvida no ámbito territorial propio de Galicia, atendendo á idiosincrasia da sociedade galega, ós seus sectores máis deficitarios e a través dunhas institucións ou organismos creados en atención á estrutura das competencias que constitucionalmente esta comunidade autónoma ten atribuídas.

Supérase, deste xeito, a Lei estatal 6/1996, de 15 de xaneiro, do voluntariado, cando establece o seu ámbito de aplicación ás persoas voluntarias e organizacións que participen ou desenvolvan programas de ámbito estatal ou supraautonómico, así como ós que participen en programas que desenvolvan actividades de exclusiva competencia do Estado; e dótase a Galicia dun marco normativo propio de regulación das actividades das persoas voluntarias e organizacións de voluntariado aquí desenvolvidas, de igual xeito que outros lexisladores autonómicos coa promulgación de diferentes leis autonómicas que regulan con carácter xeral esta actividade no ámbito territorial de cada comunidade autónoma.

III.

A Lei galega de voluntariado ten por obxecto a regulación xeral deste tipo de actividade no ámbito propio da Comunidade Autónoma galega, facendo fincapé naqueles aspectos importantes que definen e delimitan a condición de voluntario, sen necesidade, por outra banda, de comprometer nin desvirtuar a esencia desta acción.

O lexislador autonómico fundamenta a súa regulación nos seguintes puntos básicos:

a. Garanti-la liberdade de traballo voluntario fronte ós atrancos que poidan oporse ó mesmo, así como favorece-lo recoñecemento deste labor a nivel social.

b. Supera-lo concepto tradicional de voluntario, moitas veces asimilado ó ámbito puramente asistencial e a determinados campos de acción, fundamentalmente ó social, para abranguer outros eidos de participación cidadá, como poden se-lo ocio, a cultura, o deporte, o servizo sanitario, cooperación ó desenvolvemento, dinamización cidadá, defensa do medio ambiente ou calquera outra de natureza análoga.

c. Supera-lo puro voluntarismo, entendido como a acción individual e illada, loable pero pouco eficaz, para reconducilo cara ás organizacións con capacidade para canaliza-lo esforzo dun xeito colectivo e con maiores garantías de eficacia.

d. Deslinda-lo traballo voluntario de calquera forma retribuída de servizos, sen que poidan cubrirse con persoal voluntario postos de traballo que deban ser cubertos por persoal asalariado. A experiencia do voluntariado é que o mesmo xera empregos, en tanto descubre necesidades nas que poida existir unha demanda solvente, pero en ningún caso pode destruír postos de traballo.

e. A amplitude de ámbitos nos que poden traballa-las organizacións de voluntariado é outro elemento a considerar na lei, superando así unha concepción inicial que asimilaba o voluntariado exclusivamente a actuacións de índole social. Campos como o ecolóxico, a cultura, o deporte, a educación, a saúde, a busca de emprego dentro dunha concepción de economía social e outros que poidan aparecer no devir da sociedade teñen cabida no contexto da lei.

IV.

Partindo desta base, o contido da lei estrutúrase en oito capítulos con 28 artigos, tres disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e tres finais.

O capítulo I establece disposicións xerais sobre o obxecto da lei, delimitando o ámbito de aplicación a toda actividade de voluntariado organizada e que se desenvolva no ámbito territorial da Comunidade autónoma galega ou no ámbito de competencias da Xunta de Galicia. Define o voluntariado e regula as áreas de interese xeral, así como os fins e os principios básicos polos que deben rexerse as actuacións das persoas voluntarias.

O capítulo II contempla a existencia dunha organización pública ou privada, constituída legalmente e con personalidade xurídica, que, sen ánimo de lucro realice programas no marco de actividades de interese xeral, configúrase así como o requisito básico do que se vai derivar a posibilidade, no seu caso, de poder contar coa colaboración de voluntariado. Estrutúrase en seis artigos: 1) Organizacións de acción voluntaria. 2) Obrigas das organización coas persoas voluntarias 3) Incumprimento de obrigas. 4) Responsabilidade extracontractual fronte a terceiros. 5) O acordo ou compromiso de incorporación e 6) Arbitraje do voluntariado.

O capítulo III regula o estatuto do voluntariado, establecendo un concepto amplo, que permite a participación de tódolos cidadáns cando de xeito libre e responsable adiquen o seu tempo libre a realizar actividades de interese xeral para a comunidade, no seo de organizacións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, excluíndo as situacións nas que medie relación laboral, funcionarial, administrativa ou mercantil, así como a familiar ou de boa vecindade. Tamén se detallan neste capítulo os dereitos e deberes das persoas voluntarias.

O capítulo IV regula a promoción e fomento do voluntariado.

Establece as competencias da Xunta de Galicia e das Corporacións Locais na aplicación da presente Lei, para facer efectiva unha política de fomento da actividade voluntaria e de participación dos cidadáns e cidadás.

Regúlanse medidas de promoción mediante a acción concertada, sinalando os requisitos que terán que reuni-los programas e proxectos, e establecendo un Plano galego para a promoción e fomento da acción voluntaria. A elaboración e seguemento do mesmo levarase a cabo a través do organismo previsto no artigo 24, e someterase ó informe do Consello Galego do Voluntariado.

Faise un recoñecemento explícito dos concellos no campo do voluntariado, chegando o seu alcance ata a liberdade plena para exercer-la súa iniciativa en materia de voluntariado no seu ámbito local. Respóndese así ó principio da autonomía local para a xestión dos seus respectivos intereses e no ámbito das súa competencias, que lle permite promover toda clase de actividades e prestar cantos servicios contribúan a satisfacer necesidades e aspiracións da súa comunidade veciñal.

A actuación do concello no campo do voluntariado ten na lei unha dobre vertente, en canto se lle recoñece a súa capacidade para dispor de agrupacións propias de voluntarios e se determina o amparo que debe prestar á iniciativa privada sen ánimo de lucro, colaborando con ela mediante o asesoramento técnico, a coordinación, a planificación no seu ámbito municipal e o apoio económico.

Finalmente, preténdese buscar unha coordinación de actuacións a nivel público, tanto dentro da Xunta de Galicia, como coa administración local.

O capítulo V crea o Servicio Galego de Voluntariado como organismo especializado en materia de voluntariado ó que se adscribe a comisión de arbitraje. Encoméndaselle a elaboración e seguimento do Plano galego de fomento e promoción da acción voluntaria, a xestión do sistema de rexistro autónomico de organi-

zacións, así como desenvolve-las actuacións técnicas de promoción, investigación, asistencia e formación.

O capítulo VI regula o Consello Galego do Voluntariado, en canto órgano consultivo e asesor, adscrito á consellería con competencias en materia de administración local, onde estará representada a Xunta de Galicia, as entidades locais e as organizacións de acción voluntaria.

O capítulo VII regula a comisión de arbitraje, como instrumento de protección e defensa das partes que levan actuacións de voluntariado.

O capítulo VIII regula o rexistro de organizacións de voluntariado, a inscrición no mesmo será requisito para que as organizacións de voluntariado podan acollerse ás axudas que na lei se contemplan. A non inclusión no rexistro de organizacións de voluntariado non exime das obrigas que se contemplan na relación das mesmas cos voluntarios adscritos ós seus programas.

V.

En definitiva, o importante servizo que as organizacións de voluntariado prestan á comunidade, desenvolvendo o espírito de iniciativa, de responsabilidade e solidariedade entre os seus membros, servindo con eficacia ó interese xeral e de xeito complementario á acción dos poderes públicos, e cumprindo unha función insubstituíble de mediación, intercambio e equilibrio social, fundamenta a promulgación desta lei que regula os aspectos xerais da actividade do voluntariado na Comunidade Autónoma galega, impulsando unha maior participación na vida comunitaria.

O recoñecemento normativo da acción voluntaria fomentará a solidariedade en tódolos niveis da sociedade galega, facilitando unha vía de participación dos cidadáns neste ámbito e potenciando os valores que se derivan da nosa Constitución e Estatuto de autonomía, como son os de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo, dignidade da persoa e os dereitos inviolables que lle son inherentes.

CAPÍTULO I

Disposicións xeais.

Artigo 1. Obxecto.

A presente lei ten por obxecto regular, promover e fomenta-la participación solidaria dos cidadáns en actuacións de voluntariado a través de organizacións dependentes dunha Administración Pública ou privadas sen ánimo de lucro, así como ordena-las relacións entre as Administracións Públicas e ditas organizacións.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

1. Esta lei é de aplicación a toda a actividade de voluntariado que constitúe o seu obxecto, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

2. Será igualmente aplicable ás actuacións en materia de voluntariado que desenvolvan programas ou proxectos de interese xeral no ámbito de competencias da Comunidade autónoma.

Artigo 3. O voluntariado.

1. Ós efectos da presente lei, enténdese por voluntariado o conxunto de actividades desenvolvidas en áreas de interese xeral sempre que se realicen:

- de maneira altruísta, desinteresada e solidaria.

- con carácter voluntario e libre, sen que teñan por causa unha obriga persoal ou deber xurídico.
- sen contraprestación económica.
- a través de organizacións públicas ou privadas sen ánimo de lucro e con arreglo a concretos programas ou proxectos de interese xeral.

2. Quedan excluídas do concepto de voluntariado as actividades:

- desenvolvidas como consecuencia dunha relación laboral, mercantil ou funcionarial de calquera tipo,
- illadas, esporádicas ou realizadas por razóns de benevolencia, amizade ou boa vecindade.

Artigo 4. Áreas de interese xeral.

Ós efectos do disposto no artigo 2, enténdense por áreas de interese xeral as de servizos sociais, saúde, protección civil, medio ambiente, educación, cultura, ocio e tempo libre, consumo, defensa dos dereitos humanos, xuventude, cooperación internacional e calquera outra que responda á natureza e fins da actuación de voluntariado.

Artigo 5. Fins do voluntariado.

1.- As actuacións de voluntariado poderán ter por finalidade:

- a) Contribuír a elimina-los obstáculos que impidan a igualdade, favorecendo o avance da sociedade.
- b) Promove-los valores sociais, culturais, deportivos e ecolóxicos.
- c) Previr e remove-las situacións causantes de feitos que producen exclusión.
- d) Intervir promovendo a defensa dos dereitos e intereses dos cidadáns.
- e) Desenvolver programas nas áreas de interese xeral con especial incidencia no ámbito educativo e sociocomunitario.

Artigo 6. Principios básicos.

A actuación do voluntariado fundaméntase nos seguintes principios básicos:

- a) A participación libre, altruísta e responsable dos cidadáns en actividades de interese xeral.
- b) A solidariedade coas persoas e os grupos sociais, procurando a integración activa de todos na sociedade.
- c) O respecto ás conviccións e crenzas das persoas, loitando contra as distintas formas de exclusión.
- d) A colaboración entre as organizacións e as Administracións Públicas.
- e) A autonomía e a independencia das organizacións de acción voluntaria respecto ós poderes públicos, sen prexuízo da creación de espazos e programas de actuacións coordinadas.
- f) E en xeral, todos aqueles principios inspiradores dunha sociedade democrática, pluralista e participativa.

CAPÍTULO II

Das organizacións de acción voluntaria e as súas relacións coas persoas voluntarias

Artigo 7.- Organizacións de acción voluntaria.

Son organizacións de acción voluntaria, as entidades legalmente constituídas e dotadas de personalidade xurídica, así como as agrupacións de voluntariado integradas no seo das Administracións Públicas, que, sen ánimo de lucro desenvolven programas ou proxectos de voluntariado no marco das áreas de interese xeral do artigo 4, fundamentalmente a través de persoas voluntarias.

Artigo 8.- Obrigas das organizacións coas persoas voluntarias.

As organizacións de acción voluntaria deberán:

- a) Cumpri-los compromisos adquiridos coas persoas voluntarias no acordo de incorporación daquelas á organización de acción voluntaria.
- b) Proporcionar ás persoas voluntarias a formación específica e a orientación necesaria para o exercicio das súas actividades.
- c) Acredita-la subscripción dunha póliza de seguro que cubra tanto os danos ocasionados ás persoas voluntarias como a terceiros no exercicio da actividade de voluntariado, coas características e polos capitais que se establezan regulamentariamente.
- d) Cubri-los gastos das persoas voluntarias derivados do desenvolvemento da súa actividade.
- e) Dotar ás persoas voluntarias dos medios e recursos axeitados para o cumprimento das súas funcións.
- f) Garantir ós voluntarios as debidas condicións de seguridade e hixiene no desenvolvemento da súa actividade, así como o establecemento das correspondentes medidas de prevención de riscos.
- g) Facilitar ás persoas voluntarias unha acreditación que as habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.
- h) Certifica-la actividade das persoas voluntarias con constancia dos seus datos persoais identificativos e a duración e natureza da actividade desenvolvida.
- i) Levar un rexistro de altas e baixas das persoas voluntarias.
- j) As demais que se deriven da presente lei e do resto do ordenamento xurídico.

Artigo 9.- Incumprimento de obrigas.

O incumprimento reiterado polas organizacións de acción voluntaria das obrigas establecidas no artigo anterior, verificado polo órgano competente da Xunta de Galicia mediante expediente contradictorio, poderá determinar :

- a) A baixa no rexistro de organizacións de acción voluntaria,
- b) A revogación de toda subvención concedida polas administracións públicas.
- c) A resolución de calquera convenio subscrito coas administracións para a execución de programas e proxectos.
- d) O cese no seu caso como membro do Consello Galego do Voluntariado.

Artigo 10.- Responsabilidade extracontractual fronte a terceiros.

As organizacións a que se refire o presente capítulo responderán civilmente fronte a terceiros polos danos e prexuízos causados, por acción ou omisión, polas persoas voluntarias que participen nos seus programas, nos seguintes termos:

- a) Cando se trate de organizacións privadas, de acordo co establecido no Código civil.
- b) Cando se trate de organizacións públicas, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 11.- O acordo ou compromiso de incorporación.

A incorporación das persoas voluntarias ás organizacións deberá formalizarse por escrito mediante acordo ou compromiso no que se determinará o carácter altruísta da relación e no que se detallará:

- a) O conxunto de dereitos e deberes que, conforme á presente lei, correspondan a ámbalas dúas partes.

- b) O contido das funcións, actividades e tempo de dedicación ás mesmas que se comprometen a realiza-las persoas voluntarias.
- c) A formación requirida para o desenvolvemento das actividades encomendadas e, no seu caso, o procedemento a seguir para adquirila.
- d) A duración do compromiso e as causas e formas de resolución do mesmo polas dúas partes.

Artigo 12.- Arbitraje.

Os conflitos que poidan xurdir entre as organizacións de acción voluntaria e as persoas voluntarias poderán, antes de acudir á orde xurisdiccional que corresponda, ser sometidas á comisión de arbitraje do voluntariado a que se refire o artigo 27 desta lei.

CAPÍTULO III **Das persoas voluntarias.**

Artigo 13.- Concepto.

1. Ós efectos desta lei, enténdese por persoa voluntaria, toda persoa física, que de modo libre, altruísta e responsable realiza actividades en favor dos demais ou de interese colectivos, no seo de organizacións públicas ou privadas sen ánimo de lucro e sen recibir ningún tipo de contraprestación económica.

2. Os menores de idade poderán participar en programas e proxectos de voluntariado especificamente adaptados ás súas características, mediante autorización expresa dos seus pais, tutores ou da institución que os teña ó seu cargo, con respecto en todo caso á vontade do menor.

3. A autorización expresa acompañará necesariamente ó acordo ou compromiso de incorporación que se subscriba.

Artigo 14.- Dereitos das persoas voluntarias.

Son dereitos das persoas voluntarias:

- a) Participar activamente na organización na que estean integrados de acordo cos seus estatutos, colaborando na planificación, deseño, execución e avaliación dos programas nos que colabore.
- b) Recibi-la orientación, apoio e formación necesarios para o exercicio da súa actividade.
- c) Estar asegurado polos riscos que poidan derivarse do exercicio da actividade voluntaria, polos capitais que regulamentariamente se establezan.
- d) Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de voluntario.
- e) Realiza-las súas actividades en condicións de seguridade e hixiene.
- f) Ser reembolsados dos gastos que lles poida ocasiona-la actividade de voluntariado.
- g) Dispor dos medios e recursos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade.
- h) Recibir certificacións da súa participación nos programas e proxectos de voluntariado.
- i) Cesar libremente na súa condición de persoa voluntaria.
- j) E en xeral, os demais que se deriven da presente lei e do resto do ordenamento xurídico.

Artigo 15.- Deberes das persoas voluntarias.

Son deberes das persoas voluntarias:

- a) Cumpri-los compromisos acordados coas organizacións nas que se integran, respectando o disposto nos seus estatutos.

- b) Garda-la confidencialidade respecto da información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade.
- c) Rechazar toda clase de contraprestación económica ou material que poida serlle ofrecida polo beneficiario ou outras persoas en virtude da súa actuación.
- d) Actuar de forma dilixente, responsable e solidaria na execución das tarefas que lles sexan encomendadas seguindo as instrucións que se impartan .
- e) Respecta-los dereitos e crenzas das persoas beneficiarias
- f) Participar nas actividades de formación establecidas pola organización.
- g) Observa-las medidas de seguridade e hixiene que se adopten.
- h) Coidar e facer bo uso dos recursos materiais que poñan á súa disposición as organizacións para o desenvolvemento da súa actividade, así como emplear debidamente as acreditacións e distintivos da organización que se lles outorguen.

CAPÍTULO IV

Promoción e fomento do voluntariado.

Artigo 16.- Competencias da Xunta de Galicia.

Coa finalidade de desenvolve-la acción de voluntariado, a Xunta de Galicia levará a cabo as seguintes actuacións:

- a) Promover e fomenta-la participación dos cidadáns e cidadás nas actuacións de voluntariado a través das organizacións legalmente constituídas.
- b) Fomenta-la coordinación e planificación de accións conxuntas da administración e das organizacións de acción voluntarias ou destas entre si.
- c) Subscribir convenios ou outras formas de colaboración coas organizacións de acción voluntaria para a execución e desenvolvemento de programas e proxectos de voluntariado.
- d) Establecer bolsas de estudos de formación e colaboración para o deseño, execución e elaboración de proxectos de interese xeral en materia de voluntariado que regulamentariamente se establezan.
- e) Proporcionar información, formación xeral, asesoramento técnico e apoio material e económico ás Corporacións Locais e ás organizacións de acción voluntaria.
- f) A realización de estudos e investigacións, así como a elaboración de estatísticas en materia de voluntariado.
- g) Crear e xestiona-lo rexistro de organizacións de acción voluntaria.
- h) Establecer medidas de recoñecemento público das entidades e persoas que colaboren no desenvolvemento da acción voluntaria.
- i) Establece-los criterios para o seguimento e inspección das organizacións de acción voluntaria no relativo ó cumprimento dos programas que se leven a cabo ó abeiro desta lei, financiados con cargo ós fondos públicos.
- j) Impulsa-la cooperación con organismos de ámbito estatal ou internacional.
- k) Establecer ofertas formativas para potenciar un voluntariado de calidade.
- l) E, en xeral, calquera outra competencia que esta lei ou outras normas xurídicas poidan establecer.

2. As competencias que se atribúen á Xunta de Galicia nesta lei serán exercidas pola Consellería competente en materia de Administración Local a través do Servicio Galego de Voluntariado, sen prexuízo das actuacións que correspondan a cada unha das demais consellerías por razón da materia.

Artigo 17.- Competencias das Corporacións Locais.

Corresponde ás Corporacións Locais:

- a) Programar e promover a coordinación das actuacións en materia de voluntariado dentro do seu ámbito territorial.
- b) Facilitar ás organizacións de acción voluntaria a información, formación e asistencia técnica necesaria para o desenvolvemento da súa actividade.
- c) Promover estudos e investigacións sobre voluntariado e colaborar coa Xunta de Galicia na elaboración de estatísticas sobre voluntariado.
- d) Realiza-lo seguimento e a inspección das organizacións de acción voluntaria no relativo ó cumprimento das súas obrigas legais e dos programas e proxectos de voluntariado que se realicen no ámbito das súas competencias, con cargo ós fondos públicos.
- e) Colaborar coas demais Administracións Públicas no aproveitamento dos recursos orientados á cooperación internacional para o desenvolvemento.
- f) Calquera outras funcións que lle encomenden por delegación da Xunta de Galicia.

Artigo 18.- Programas e proxectos de voluntariado.

1. Son programas ou proxectos de voluntariado, os especificamente elaborados nas áreas de interese xeral do artigo 4 da presente lei e xestionados polas organizacións de acción voluntaria.
2. Os programas ou proxectos de voluntariado poderán ser financiados polas Administracións Públicas a través de axudas concedidas de conformidade cos principios de publicidade, concorrência e obxectividade.
3. Nas correspondentes convocatorias públicas de axudas estableceranse os criterios e proporción nos que as organizacións responsables dos programas deberán contribuír á financiación dos mesmos .
4. As organizacións de acción voluntaria poderán computar como parte da súa contribución á financiación dos programas, a actividade das persoas voluntarias que se valorará en función da natureza das súas tarefas e da súa dedicación.
5. A concesión das axudas levará consigo a formalización dun convenio entre a correspondente Administración Pública e a organización adxudicataria para a execución do programa específico de que se trate.

Artigo 19.- Axudas e subvencións.

As Administracións Públicas concederán axudas e subvencións para o fomento dos programas e proxectos de voluntariado de conformidade cos criterios e directrices do Plano galego ó que se refire o artigo 23 da presente lei.

Artigo 20.- Programas experimentais.

As Administracións Públicas promoverán programas experimentais de acción voluntaria como contribución ó desenvolvemento daquelas áreas nas que non existan organizacións de acción voluntaria.

Artigo 21.- Póliza de seguro.

A Xunta de Galicia subscribirá unha póliza de seguro que cubrirá os riscos derivados da acción dos voluntarios -tanto a responsabilidade civil derivada das súas actuacións como os accidentes sufridos polos mesmos voluntarios- cando participen nas actividades organizadas por dita administración. Á mesma poderán adherirse as organizacións de acción voluntaria que reúnan as condicións que se establezan no Plano galego de voluntariado.

Artigo 22.- Participación das organizacións de acción voluntaria .

1. As organizacións de acción voluntaria serán recoñecidas como instrumentos de participación cidadá no deseño e execución das políticas públicas nas áreas de interese xeral do artigo 4.

2. A ditos efectos estarán representadas nos órganos de consulta e participación constituídos a estes efectos en cada unha das ditas áreas de conformidade co previsto nos seus respectivos regulamentos.

Artigo 23.- Plano galego para a promoción e o fomento da acción voluntaria.

1. O Plano Galego comprenderá, o conxunto de accións que en materia de promoción e fomento do voluntariado desenvolvan os distintos departamentos da Xunta de Galicia a fin de lograr a súa coordinación. Así mesmo posibilitará a integración en ditas accións, das actividades e iniciativas das Administracións Locais e das organizacións de acción voluntaria que cumprindo os requisitos esixidos na presente lei e estando inscritas no rexistro de organizacións de acción voluntaria, soliciten a súa incorporación.

2. A elaboración e seguimento do Plano corresponde ó Servicio Galego de Voluntariado, e a súa aprobación compete ó Consello da Xunta de Galicia, previo informe do Consello galego do voluntariado.

CAPÍTULO V Do Servicio Galego de Voluntariado.

Artigo 24.- O Servicio Galego de Voluntariado.

1. Créase o Servicio Galego de Voluntariado como organismo especializado en materia de voluntariado adscrito á Consellería con competencias en materia de Administración Local.

2. Corresponde ó Servicio Galego de Voluntariado o exercicio das competencias en materia de promoción e coordinación da acción voluntaria de conformidade co establecido na presente lei.

CAPÍTULO VI Consello Galego de Voluntariado.

Artigo 25.- O Consello Galego de Voluntariado.

1.- Créase o Consello Galego de Voluntariado da Comunidade Autónoma Galega como órgano consultivo e asesor en materia de voluntariado, adscrito á consellería con competencias en materia de Administración Local.

2.- Exercerá as funcións de informe e análise das actividades de voluntariado, así como as que determine a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 26.- Composición.

1.- O Consello Galego do Voluntariado estará integrado por:

- a) Presidencia: O Presidente da Xunta de Galicia.
- b) Vicepresidencia: O Conselleiro con competencia en materia de Administración Local.

c) Vocais:

*Un representante dos órganos superiores ou organismos autónomos da Xunta de Galicia, con rango de director xeral, das seguintes áreas:

- Administración Local.
- Comunicación Social.
- Consumo.
- Cultura.
- Deportes.
- Educación.
- Estatística
- Familia.
- Medio ambiente.
- Muller
- Protección Civil.
- Relacións coas Comunidades Galegas fóra de Galicia.
- Sanidade.
- Servicios sociais.
- Vivenda.
- Xuventude.

*Catro representantes de Entidades Locais designados pola Federación Galega de Municipios e Provincias.

* Un representante do Consello da Xuventude de Galicia.

* Seis representantes das organizacións de acción voluntaria nomeados polo presidente do Consello Galego do Voluntariado, a proposta dos consellos galegos das seguintes áreas: servizos sociais, sanidade, educación, medio ambiente, protección civil e cultura.

2.- A secretaría estará ocupada polo responsable do Servizo Galego de Voluntariado.

3.- Poderán asistir ás reunións do consello do voluntariado de Galicia, a efectos simplemente informativos ou de asesoramento, persoas expertas na materia de que se trate.

CAPÍTULO VII Comisión de arbitraje.

Artigo 27.- Da Comisión de Arbitraje do Voluntariado.

1.- Créase a Comisión de Arbitraje do Voluntariado, adscrita ó Servizo Galego de Voluntariado, configurándose como instrumento de protección e defensa das partes que levan a cabo actuacións de voluntariado.

2.- A súa organización, funcións e procedemento se determinará regulamentariamente de conformidade co disposto na presente lei.

CAPÍTULO VIII Rexistro de organizacións.

Artigo 28.- Rexistro de organizacións de acción voluntaria.

1. Créase o rexistro público de organizacións de acción voluntaria da Comunidade autónoma de

Galicia adscrito á Consellería competente en materia de Administración Local e xestionado polo Servicio Galego de Voluntariado.

2. A inscrición no rexistro será condición indispensable para integra-las accións, actividades e iniciativas das organizacións de acción voluntaria no Plano galego para a promoción e fomento da acción voluntaria, acceder ás axudas e subvencións, así como celebrar convenios coas Administracións Públicas en materia de voluntariado.

3. A organización e o procedemento de acceso ó rexistro se determinarán regulamentariamente.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.- A presente lei será de aplicación ó voluntariado social regulado na Lei 4/1993, de 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, así como ás agrupacións de voluntarios de protección civil, sen prexuízo da aplicación da súa normativa específica reguladora en todo o que non contradiga a presente lei.

Segunda.- Ás persoas que participen de forma voluntaria e gratuíta en programas de organizacións de acción voluntaria inscritas no rexistro da comunidade autónoma galega e que se desenvolvan no estranxeiro, lles será de aplicación o establecido na disposición adicional 1ª da Lei 6/1996, de 16 de xullo, do voluntariado.

Terceira.-

1. Son voluntarios de cooperación para o desenvolvemento as persoas que cumprindo os requisitos do artigo 13 desta lei, realicen actividades a través de organizacións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, inscritas no rexistro da Xunta de Galicia e xestionen programas ou proxectos de cooperación para o desenvolvemento. Estes se rexerán polo disposto no artigo 37 de la Lei 23/1998, de 7 de xullo, de cooperación e desenvolvemento, e no non previsto expresamente nel, polas disposicións da presente lei.

2. A cooperación para o desenvolvemento que se realice dende a Comunidade autónoma galega e dende as Entidades Locais se inspirará nos principios, obxectivos e prioridades establecidos na sección 2ª do capítulo I da Lei 23/1998, de 7 de xullo.

DISPOSICION TRANSITORIA ÚNICA

As organizacións de acción voluntaria que desenvolven programas e proxectos de voluntariado deberán axustarse ó disposto nesta lei no prazo máximo dun ano dende a súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA UNICA

Quedan derogadas tódalas disposicións legais ou regulamentarias que se opoñan ó establecido na presente lei.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.- Facúltase ó Consello da Xunta de Galicia para que proceda ó desenvolvemento regulamentario desta lei.

Segunda.- No prazo de seis meses dende a entrada en vigor desta lei, o Consello da Xunta de Galicia,

a proposta do titular da consellería con competencias en materia de Administración Local, aprobará o Regulamento de funcionamento do Servicio Galego de Voluntariado.

Terceira.- O Consello Galego do Voluntariado elaborará no prazo de seis meses dende a súa constitución o seu Regulamento de funcionamento.

Cuarta.- Esta lei entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

1/00